

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SEA	Seguridade e medio ambiente	CSSEA04	Química e saúde ambiental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1550	Saúde e riscos do medio construído	2023/2024	5	105	105

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CRISTINA CIFUENTES RIQUELME
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral deste título consiste en vixiar e controlar os efectos sobre a saúde dos factores de risco ambiental e alimentario, participar na posta en marcha e o desenvolvemento de sistemas de xestión ambiental e intervir en programas de educación para a saúde pública e comunitaria baixo a supervisión, no seu caso, do superior responsable, de acordo cós protocolos establecidos, respetando a normativa de referencia en condicións de calidade e seguridade.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de prevención e control dos riscos para a saúde da poboación, asociados ao medio construído.

A prevención e control dos riscos para a saúde da poboación, asociados ao medio construído inclúe aspectos como:

- Inspección e control das condicións hixiénico-sanitarias do medio construído e medidas preventivas das deficiencias.
- Inspección e control das actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas e medidas preventivas e correctoras pertinentes.
- Toma mostras de elementos do medio construído.
- Análise e medida de parámetros físico-químicos de elementos do medio construído.
- Elaboración de programas de vixilancia ambiental no medio construído.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Servizos e empresas de inspección e control químico ambiental.
- Servizos e empresas de inspección e control sanitario ambiental.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos do ciclo formativo a), b), c), d), e), i), m). ou, q), r) e t) e as competencias xerais b), c), d), e), h), l), n), p) e q) do título.

As liñas de actuación no proceso ensino-aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- A descrición das características hixiénico-sanitarias do medio construído e das actividades MINP.
- O recoñecemento das deficiencias do medio construído utilizando simuladores e modelos do laboratorio.
- A identificación das medidas correctoras fronte ás deficiencias detectadas.
- A manipulación de equipos e instrumentos para a toma de mostras.
- A interpretación de documentación técnica e instrucións de uso de instrumentos e equipos para toma de mostras e análises.
- A realización de supostos prácticos de calibración e mantemento de equipos de toma de mostra, análise e medidas de parámetros físico-químicos.
- A análise das características hixiénico-sanitarias a partir dos resultados obtidos en supostos prácticos.
- A selección de medidas preventivas e correctoras partindo de supostos prácticos.
- A elaboración de programas de educación ambiental.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O medio construído.	Caracterización do medio construído partindo do medio rural e do medio urbano. Recoñecer as condicións hixiénico-sanitarias e relacionadas coas deficiencias do medio construído e propor as medidas preventivas correspondentes	21	20
2	As actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas e o medio construído.	Caracterización das actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.	21	20
3	Axentes contaminantes químicos, biolóxicos e físicos do medio construído.	Clasificación dos tipos de axentes físicos, químicos e biolóxicos presentes no medio construído. Métodos de medición e mostraxe. Conservación, transporte e documentación das mostras.	21	20
4	A análise dos axentes contaminantes químicos, biolóxicos e físicos do medio construído.	Planificación e realización das análises dos axentes contaminantes químicos, biolóxicos e físicos do medio construído.	21	20
5	O medio construído e a saúde da poboación.	Os elementos e factores do medio construído con efecto sobre a saúde da poboación do medio construído.	21	20

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O medio construído.	21

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Aplica procedementos de inspección e control, tendo en conta as relacións das condicións hixiénico-sanitarias coas deficiencias do medio construído e coas medidas preventivas correspondentes	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Caracterizáronse as condicións hixiénico-sanitarias necesarias en vivendas, establecementos e espazos públicos
CA1.2 Enumeráronse os requisitos legais de habitabilidade de acordo coa normativa

Criterios de avaliación
CA1.3 Identificáronse os perigos, os puntos críticos de control e vixilancia e os condicionantes, para o diagnóstico de saúde do medio construído
CA1.4 Selecionouse a documentación relevante para a vixilancia das condicións técnico-sanitarias no medio construído e para a elaboración do estudo de impacto ambiental
CA1.5 Realizáronse procedementos de inspección e control das condicións hixiénico-sanitarias do medio construído
CA1.6 Utilizáronse sistemas de recollida de datos para o seu tratamento estatístico
CA1.7 Aplicáronse criterios de calidade na formalización das actas de inspección e elaboración de informes
CA1.8 Definiuse o procedemento utilizado para cada tipo de inspección hixiénico-sanitaria e estableceuse un cronograma de traballo
CA1.9 Caracterizáronse as deficiencias máis frecuentes das condicións hixiénico-sanitarias e as posibles recomendacións e medidas correctivas en caso de risco inminente para a saúde pública e o ambiente

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Medio construído urbano e rural. Vivendas, establecementos e espazos públicos. Condicións hixiénico-sanitarias.</p> <p>Normativa europea, estatal e local relacionada co medio construído, a saúde e o ambiente. Directivas. Regulamentos.</p> <p>Principios de salubridade dos asentamentos urbanos e das vivendas. Requisitos legais de habitabilidade.</p> <p>Programas de prevención de accidentes.</p> <p>Programas de inspección, vixilancia e control.</p> <p>Requisitos hixiénico-sanitarios xerais. Subministración de auga potable e recollida de augas residuais e residuos sólidos. Control de vectores de interese en saúde pública: insectos e roedores.</p> <p>Requisitos hixiénico-sanitarios específicos. Control en establecementos sanitarios, lugares de lecer e de traballo, e residencias. Requisitos dos sistemas de climatización, condensadores evaporativos e torres de refrixeración. Condicións dos espazos públicos. Barreiras arquitectónicas. Medidas de seguridade.</p> <p>Plan de ordenación urbana. Censo de poboación. Planos de instalacións.</p> <p>Documentación de inspección.</p> <p>Normas de calidade das vivendas, dos establecementos e dos espazos públicos.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	As actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas e o medio construído.	21

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica procedementos de inspección e control, tendo en conta as relacións das actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (MINP) coas medidas preventivas e correctoras establecidas	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Caracterizáronse as actividades MINP e o seu impacto sobre a saúde e o ambiente
CA2.2 Seleccionáronse os requisitos legais sobre actividades MINP segundo a lexislación
CA2.3 Clasificáronse as condicións hixiénico-sanitarias dos establecementos segundo o tipo de actividade
CA2.4 Identificáronse os perigos, os puntos críticos de control e vixilancia e os condicionantes en establecementos con actividades MINP
CA2.5 Analizáronse censos, cartografías e infraestruturas das actividades MINP
CA2.6 Analizáronse as características dos sistemas de xestión dos residuos xerados
CA2.7 Calculouse a carga polucionante do aire, da auga e do solo de diversas actividades
CA2.8 Determinouse o procedemento para a autorización administrativa de actividade MINP
CA2.9 Caracterizáronse as técnicas de afastamento e as de imposición de medidas correctoras
CA2.10 Desenvolvéronse estudos de impacto ambiental tendo en conta as medidas preventivas e correctoras establecidas

4.2.e) Contidos

Contidos
Clasificación das actividades MINP. Impacto sobre a saúde e o ambiente.
Determinación dos requisitos legais sobre actividades MINP. Lexislación.
Clasificación dos establecementos segundo as actividades MINP. Condicións hixiénico-sanitarias. Perigos. Puntos críticos de control e vixilancia.
Censos e localización cartográfica dos lugares e actividades MINP.
Xestión de residuos.
Procedemento administrativo de actividade MINP. Tramitación e resolución de licenzas.
Técnicas de afastamento e imposición de medidas correctoras.
Cálculo da carga polucionante do aire, da auga e do solo de diversas actividades.
Estudo de impacto ambiental de novos proxectos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Axentes contaminantes químicos, biolóxicos e físicos do medio construído.	21

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Toma mostras de elementos do medio construído de acordo co protocolo de actuación establecido, logo de seleccionar o procedemento en función das características da mostra	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse os métodos de mostraxe

Criterios de avaliación
CA3.2 Identifícaronse as características que interveñen na calidade da mostra obtida
CA3.3 Clasifícaronse os tipos de mostraxe para a avaliación dos lugares e das instalacións segundo criterios técnico-legais
CA3.4 Clasifícase a información que se debe compilar para permitir a avaliación dos resultados obtidos na análise posterior
CA3.5 Preparáronse os instrumentos e os equipamentos de recollida necesarios na toma de mostrax
CA3.6 Seleccionáronse os medidores de lectura directa para utilizar na mostraxe
CA3.7 Envasáronse e etiquetáronse mostrax e reactivos de acordo co sistema de codificación establecido
CA3.8 Obtívose a cantidade requirida de mostrax válidas nas condicións establecidas pola normativa
CA3.9 Aplicáronse as técnicas de conservación e os métodos de transporte segundo o tipo de mostra, de acordo cos protocolos e coa normativa de referencia
CA3.10 Formalizouse a documentación preanalítica que acompaña a mostra
CA3.11 Adoptáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos no proceso de toma de mostrax

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Métodos da mostraxe.</p> <p>Documentación na toma de mostrax. Impresos estándar, protocolos e actas normalizadas de toma de mostra. Boletíns analíticos e informes estandarizados.</p> <p>Medidas de seguridade e prevención de riscos.</p> <p>Caracterización da calidade da mostraxe. Puntos, lugares e frecuencia de mostraxe.</p> <p>Tipos de mostra: condicións e cantidade.</p> <p>Información que se debe compilar. Análises posteriores.</p> <p>Instrumentos e equipamentos para a toma de mostrax. Selección. Preparación.</p> <p>Equipamentos para a conservación e o transporte de mostrax: mostreadores que concentran o contaminante e mostreadores puntuais. Mostreadores descontinuos.</p>

Contidos
Medidores de lectura directa. Equipamento fotográfico dixital.
Envases para mostras.
Conservación e transporte de mostras. Neveiras portátiles. Conservación de mostras biolóxicas.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A análise dos axentes contaminantes químicos, biolóxicos e físicos do medio construído.	21

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza e mide parámetros fisicoquímicos, biolóxicos e toxicolóxicos de elementos do medio construído, aplicando os protocolos establecidos, e rexistra os resultados	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse os parámetros fisicoquímicos, biolóxicos e toxicolóxicos significativos de elementos do medio construído
CA4.2 Identifícanse as técnicas empregadas para a análise de medio construído
CA4.3 Caracterizáronse os métodos analíticos para garantir a calidade dos datos obtidos
CA4.4 Preparáronse os equipamentos e os instrumentos de medida, o material e os reactivos de acordo coas especificacións establecidas
CA4.5 Comprobase a limpeza, a preparación e a calibraxe dos equipamentos e do instrumental utilizado
CA4.6 Caracterizáronse os equipamentos medidores e os laboratorios portátiles para análise in situ
CA4.7 Realizáronse as análises e as medidas conforme os protocolos normalizados de traballo, para garantir a calidade dos datos analíticos
CA4.8 Desenvolvéronse datos sobre fontes de emisión de ruidos e radiacións ionizantes de forma obxectiva e normalizada

Criterios de avaliación

CA4.9 Rexístranse os valores analíticos e as medicións efectuadas para o posterior tratamento dos datos

CA4.10 Trátanse estatisticamente os datos rexistrados e interpretáronse os valores obtidos

CA4.11 Trátanse e elimináronse os residuos xerados no procedemento analítico, para evitar posibles contaminacións

CA4.12 Elaboráronse os informes requiridos e formalizáronse consonte o protocolo normalizado

4.4.e) Contidos
Contidos

Características xerais da análise fisicoquímica. Parámetros significativos. Temperatura. ruído. Vibracións. Velocidade do aire. Valor do pH.

0Rexistro de valores analíticos. Medicións.

Tratamento estatístico dos datos. Interpretación de resultados.

Residuos. Tratamento e eliminación.

Boletíns analíticos e impresos. Formalización.

Elaboración de informes. Formalización.

Características da análise biolóxica e toxicolóxica. Contido en compostos orgánicos volátiles (COV) e biolóxicos.

Métodos de análise fisicoquímica: características.

Métodos de análises biolóxicas e toxicolóxicas: características.

Materiais e reactivos: preparación.

Equipamentos e instrumentos de medida: preparación, limpeza e calibraxe.

Equipamentos medidores e laboratorios portátiles para análise in situ. Equipamentos de medida da radioactividade e do nivel de iluminación. Equipamentos de medida de ruídos, vibracións e illamento acústico. Equipamentos portátiles de análise de parámetros fisicoquímicos e biolóxicos.

Procedementos normalizados de traballo.

Recollida de datos sobre fontes de emisión de ruídos e radiacións ionizantes.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O medio construído e a saúde da poboación.	21

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Elabora programas de vixilancia ambiental no medio construído, tendo en conta as relacións dos riscos específicos sobre a saúde, o benestar e o ambiente coas medidas de prevención e de protección	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Relacionáronse as condicións hixiénico-sanitarias do medio construído cos efectos sobre a saúde e o benestar
CA5.2 Relacionáronse as actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (MINP) cos efectos sobre a saúde e o ambiente
CA5.3 Identifícaronse os aspectos epidemiolóxicos das doenzas adquiridas por deficiencias hixiénico-sanitarias na vivenda
CA5.4 Determináronse as principais medidas para a prevención e o control das deficiencias hixiénico-sanitarias das vivendas
CA5.5 Identifícaronse os aspectos epidemiolóxicos das doenzas e das intoxicacións asociadas a establecementos públicos
CA5.6 Determináronse as principais medidas para a prevención e o control das deficiencias hixiénico-sanitarias dos establecementos públicos
CA5.7 Caracterizáronse os compoñentes dun programa de vixilancia ambiental
CA5.8 Elaboráronse informes coas principais medidas para a prevención e o control dos riscos asociados ao medio construído
CA5.9 Redactáronse os programas de vixilancia ambiental
CA5.10 Xustificouse a importancia de conseguir contornos sustentables e saudables

4.5.e) Contidos

Contidos
Efectos sobre a saúde e o benestar das condicións hixiénico-sanitarias das vivendas, dos establecementos e dos centros de estudo e traballo.
Efectos sobre a saúde e o ambiente das actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (MINP).
Doenzas transmisibles relacionadas coas vivendas. Epidemioloxía. Medidas de prevención e control.
Doenzas e intoxicacións asociadas aos establecementos públicos. Epidemioloxía. Medidas de prevención e control.
Principais axentes do medio construído causantes de doenzas.
Programas de vixilancia ambiental no medio construído. Compoñentes. Características. Criterios de elaboración.
Elaboración de informes de prevención e control dos riscos asociados ao medio construído.
Contornos sustentables e saudables. Promoción do desenvolvemento sustentable. Accións para a conservación e a xestión dos recursos. Medios de execución.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación será continua durante todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Serán mínimos esixibles todos os criterios de avaliación indicados como tales para cada Unidade Didáctica da presente programación. Para superar o módulo teranse en conta os seguintes criterios:

CUALIFICACIÓNS PARCIAIS:

Por cada Unidade Didáctica realizarase unha proba escrita e/ou outras probas específicas que abranguen os contidos das unidades.

As cualificacións trimestrais do módulo obteranse do seguinte xeito:

1.1. Probas de exame teóricas = 80 % = probas teóricas sobre os contidos teórico e/ou teórico-prácticos das unidades didácticas. A avaliación deste apartado farase a partir de cuestións de diferentes índole: de elección (test), de resposta curta, de desenvolvemento, imaxes, e/ou relacionar de cuestións relacionadas cos contidos do módulo.

1.2. Actividades de aprendizaxe = 20 % = realización de tarefas e/ou traballos, sobre os contidos teórico e teórico-prácticos do currículo. Serán as que a docente sinala como avaliábeis para este apartado (solo serán valoradas en caso de que se fagan). Se utilizarán escalas de valoración na súa corrección (das que se informará ao alumnado). No caso de tarefas e/ou traballos de realización grupal, ademais do anterior, tamén se terá en conta a capacidade do traballo grupal.

Todas as tarefas e/ou traballos, serán de CARÁCTER OBLIGATORIO E ELIMINATORIO, de xeito que aquelas persoas que non as entreguen, terán unha nota de 0 puntos sobre 10, e non poderán superar esta parte e polo tanto esa avaliación do módulo. Deberá obterse unha nota mínima dun 5 sobre 10 para a superación desta parte.

NOTA DAS AVALIACIÓNS:

Para superar cada AVALIACIÓN deberase acadarse un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada un dos apartados mencionados (1.1 e 1.2), sendo cada un deles de carácter excluínte, de xeito que soamente se fará media coa nota obtida en cada un dos apartados, se esta é de 5 sobre 10 ou superior. Notas inferiores a 5 non farán media coas restantes partes e dita avaliación estará suspensa.

A nota final, será calculada coa nota media obtida en cada un dos apartados mencionados (sen ter en conta os decimais), tendo en conta que a nota que figurará no boletín oficial será o número enteiro sen decimais.

En caso de que algunha UD non fose superada, a nota que aparecerá nesa avaliación será de 4 ou a media resultante se esta fose inferior.

Existe a posibilidade de realizar un exame de recuperación para os contidos non superados durante a 1ª avaliación. No caso de que a parte suspensa nunha UD determinada sexa un dos apartados (1.1 ou 1.2), non sería necesario a repetición do apartado superado para superar esa parte. A proba teórica ou a presentación das actividades e/ou traballos non superados corríxiranse según o reflectido nos apartados 1.1 e 1.2.

As datas de exame serán establecidas mediante acordo da profesora e o alumnado do módulo, e so se farán exames extraordinarios fora de ditas datas por motivo xustificando segundo normativa, e con xustificante por escrito do mesmo.

A nota da 1ª avaliación será a media das notas das Unidades Didácticas avaliadas totalmente. En caso de que algunha UD non fose superada, a nota que aparecerá nesa avaliación será de 4 ou a media resultante se esta fose inferior.

A nota da 2ª avaliación será a nota proporcional asignada a cada UD (teranse en conta ata os dous primeiros decimais antes de aplicar a ponderación). En caso de que algunha UD non fose superada, a nota que aparecerá na avaliación será de 4 ou a media resultante se esta fose inferior.

CUALIFICACIÓN FINAL:

Para superar o módulo será necesario ter superadas todas as unidades didácticas na avaliación ordinaria, na recuperación ou nunha proba final.

A nota final do módulo obterase a partir das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das unidades didácticas e aplicando á ponderación descrita na relación de unidades didácticas.

ALUMNADO QUE REPITE CURSO:

Este alumnado deberá cursar o módulo nas mesmas condicións que o alumnado que o cursa por primeira vez.

Para superar o módulo será necesario superar cada proba (mediante probas parciais ou probas finais). O alumnado será cualificado atendendo aos criterios e instrumentos anteriormente sinalados cunha nota numérica de 1 a 10, sen decimais. Considerarase aprobada ou superada a materia se obtén unha cualificación de 5 ou superior en cada avaliación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ALUMNADO QUE NON SUPERA ALGUNHA DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Existe a posibilidade de realizar un exame de recuperación para os contidos non superados durante a 1ª avaliación. A proba teórica ou a presentación das actividades e/ou traballos non superados farase durante o primeiro mes seguinte a entrega dos boletíns de notas desa avaliación e corríxirase según o reflectido nos apartados 1.1 e 1.2.

ALUMNADO CON UNHA OU MAIS AVALIACIÓNS SUSPENSAS

Segundo o artigo 29 da Orde do 12 de xullo do 2011 de desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOGA 15 xullo 2011), para o alumnado de 2º curso do réxime ordinario que teña módulos pendentes, a 3ª avaliación se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes, deseñadas en base ao informe individualizado de avaliación elaborado polo equipo docente logo de realizada a 2ª avaliación parcial de módulos.

No caso de non ter superado todas as avaliacións parciais, o alumno ou a alumna deberá realizar unha serie de actividades de recuperación e de probas específicas no período establecido polo centro para tal fin, sempre antes da sesión de avaliación final de módulos correspondente. Estas actividades planificaranse tendo en conta o Informe individualizado (IA) do alumno ou alumna que se lle entregará ao comezo deste período, e que describirá máis pormenorizadamente o plan de actividades de recuperación.

As actividades de recuperación para o alumnado serán:

- Asistencia ás clases onde se repararán os contidos das unidades didácticas.
- Realización de esquemas dos contidos das distintas unidades didácticas.
- Repetición e repaso de distintas actividades específicas das UUDs.
- Resolución de dúbidas.
- Probas escritas/orais.

No caso de que a parte suspensa nunha UD determinada sexa a proba escrita, pero as actividades obrigatorias relacionadas con esa UD estiveran superadas cunha nota superior a 5 no transcurso do curso ordinario, non sería necesaria a repetición de ditas actividades. No caso de que a parte suspensa nunha UD determinada sexan as actividades de aprendizaxe, non sería necesaria a repetición das probas escritas correspondentes a esas UUD.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdera o dereito á avaliación continua por ter superado o 10% das faltas de asistencia de xeito non xustificadas, ou a maiores por motivos laborais o 5 % (aportando xustificación documental) poderá presentarse a unha proba extraordinaria de avaliación, previa á realización da sesión para a avaliación final de módulos que consistirá en:

- Unha proba teórica baseada na meirande parte das actividades realizadas ao longo do curso.
- Unha proba práctica baseada na meirande parte das actividades de aprendizaxe realizadas ao longo do curso.

Para cualificar a este alumnado aplicaranse as seguintes instrumentos de avaliación e criterios de cualificación:

- Proba teórica sobre os contidos das UUDs tipo test e/ou de relacionar e/ou de resposta curta e/ou larga e/ou de verdadeiro/falso: 80 %
- Proba práctica de tipo teórico baseada nas actividades de aprendizaxe realizadas ao longo do curso: 20 %

Para superar o módulo será necesario acadar tódolos mínimos das unidades didácticas, obtendo como mínimo un 5 en cada unha das probas: práctica e escrita. No caso de que non se programe unha das probas, a outra terá un valor do 100%.

Permitirase a realización de determinadas actividades aos alumnos/as que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que non impliquen algún tipo de risco para si mesmos, para o resto do grupo ou para as instalacións do centro.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- 1- Grao de cumprimento do tempo previsto para cada UD
- 2- Logro dos obxectivos programados
- 3- Adecuación das actividades realizadas

Para a avaliación da práctica docente información a través de cuestionarios periódicos pasados ao alumnado nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula ou no espazo virtual asignado, técnicas de avaliación, e cuestións que indiquen o achegamento aos obxectivos das distintas unidades didácticas.

O seguimento da PD será documentada mensualmente por cada docente na plataforma de elaboración e seguimento de programacións.



8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado en relación ó módulo.

Observarase ó alumnado nas primeiras semanas do curso e emitirase un informe para o titor/a.

O titor/a reunirá os informes individualizados do alumnado repetidor, información de estudos académicos, ditames específicos do alumnado con calquera tipo de discapacidade, con necesidades educativas especiais e experiencia laboral previa.

Segundo o artigo 28 da Orde do 12 de Xullo de 2011, o/a titor/a levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á xefatura de estudos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Na Formación Profesional cóntase co reforzo educativo e a adaptación curricular como elementos de axuda para axustarnos ás necesidades do alumnado.

O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ao alumno, coa colaboración do seminario ou departamento didáctico, co asesoramento do responsable da orientación educativa do centro, se existe, ou do equipo psicopedagóxico de apoio de sector e, se procede, de calquera outro profesional que participe na atención ao mencionado alumno.

A adaptación curricular (AC) será necesario realizala cando un/ha alumno/a non responda globalmente aos obxectivos programados, para cada un deles e de xeito individualizado as seguintes actuacións, xunto con outras posibles no marco de acordos do equipo docente, logo da detección de casos e de situacións concretas:

- 1- Aplicar o establecido no apartado de contidos mínimos.
- 2- Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado, mais sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.
- 3- Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título.
- 4- Complementar as actividades e materiais facilitados na aula con outro tipo de materiais de acceso online, facilitando o acceso ao alumnado con problemas de emprego e acceso a equipos ou conexións.

De necesitalo, pedirase asesoramento e colaboración do departamento de orientación do centro, para levar a cabo algunha medida adicional.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como o respecto aos compañeiros, profesores, material de laboratorio ou de aula-taller... traballaranse a través de diferentes actividades.

Hai que traballar, entre outros, os seguintes aspectos:

- 1- A necesidade de manter o segredo profesional.
- 2- As novas tecnoloxías TIC, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común, incluíndo o uso habitual e diario da aula virtual na plataforma Moodle do centro.
- 3- A prevención de riscos, a seguridade e hixiene no traballo, concepto de especial interese durante este curso, no contexto da pandemia de Covid-19.
- 4- A educación medioambiental xa que as materias primas que utilizamos, as transformacións que realizamos (fumes, gases), e refugallos que xeramos, inciden directamente na calidade do medio ambiente. Asemade, priorizar coñecementos e emprego de enerxías renovables, a reciclaxe e a sustentabilidade.
- 5- A educación para a saúde.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades previstas durante o curso escolar, sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no R.R.I. e poidan levarse a cabo no desenvolvemento da programación didáctica (PD).

Se levarán a termo nos trimestres do curso dependendo dos orzamentos e da PD:

- 1- Visita do alumnado a biblioteca do centro para informarles do material bibliográfico.
- 2- Asistencia as charlas programadas polo departamento de sanitaria do centro.

10.Outros apartados

10.1) Metodoloxía de aprendizaxe.

A impartición dos contidos das unidades didácticas verase facilitada con un libro de texto específico de nivel axeitado para estas ensinanzas: "Salud y riesgos del medio construído" da Editorial Videocinco; e verase completada con outros recursos e apuntamentos complementarios aportados pola docente.



En cada UD procederase con unha exposición teórica dos conceptos e da/s actividade/s a realizar, sinalando os puntos máis importantes, procurando unha interrelación e aclarando aqueles aspectos que entrañen máis dificultades.

A exposición apoiárase na utilización de medios audiovisuais, e se fomentará o espírito crítico e o interese do alumnado polo materia.

De forma periódica poderán realizarse pequenos "traballos de investigación" por parte do alumnado, co fin de que aprendan a obter información de diferentes fontes e anexar bibliografía, así como fomentar o debate e a discusión.

10.2) Protocolo para comunicar ao alumnado a programación didáctica do módulo profesional.a seguir coa programación didáctica

Coa finalidade de informar debidamente ó alumnado sobre a programación didáctica do módulo profesional, explicaráselle ao alumnado ao inicio de curso, atendendo as posibles dúbidas. Daráselle publicidade na páxina do CIFP.